



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS**

Número 34/2021

Cada pago requirirá informes favorables dos Servizos de Patrimonio e Contratación e de Fiscalización.

Para a cobranza de cada unha das achegas provinciais, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar certificación de estar ao corrente das obrigacións tributarias e de seguridade social.

Así mesmo deberá estar ao corrente das súas obrigacións fiscais coa Deputación provincial da Coruña, situación de que se determinará de oficio a través do Servizo Provincial de Recadación.

O Concello deberá presentar certificación dos ingresos producidos por achegas de entidades públicas ou privadas, se os houbese.

O importe da achega da Deputación provincial da Coruña, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados.

**SÉTIMA.- SUPERVISIÓN POLA DEPUTACIÓN**

Sen prexuízo das facultades de vixilancia e inspección que corresponden á Presidencia da Deputación Provincial, o Servizo de Patrimonio e Contratación por si ou a través doutros Servizos Técnicos da Deputación, poderá inspeccionar en calquera momento o estado do inmovible e bens adscritos, e o cumprimento dos fins do presente convenio.

As actividades que desenvolva o Concello no Edificio do Dolmen non poderán superar o aforamento de 25 persoas no interior do mesmo, de acordo coas recomendacións da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta da Galicia, e en todo caso, as actividades deberán ser compatibles coa finalidade e adecuado uso deste ben cultural, para o que se deberán adoptar todas as medidas necesarias para a súa total protección e perfecta conservación. Para estes efectos o Concello solicitará da Deputación, cunha antelación polo menos de 15 días, autorización para a realización de cada unha das actividades especificando as datas, horarios e acompañada dunha memoria xustificativa

*A Deputación da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños traballarán durante o período de vixencia deste convenio para crear unha Comisión político-técnica integrada por persoal político e técnico destes dous entes, e para a cal tamén se solicitará a participación da Xunta de Galiza, Comisión que velará pola correcta adecuación das actividades obxecto deste convenio no marco de preservación do ben patrimonial e noutras cuestións que teñan que ver co bo estado de mantemento e conservación do mesmo.*

**OITAVA: UTILIZACIÓN POLA DEPUTACIÓN**

O inmovible seguirá sendo propiedade da Excm. Deputación provincial da Coruña e en consecuencia poderá realizar no mesmo as actividades que estime oportunas.

**NOVENA : VIXENCIA**

1.O prazo de vixencia do presente convenio esténdese dende o 1 de xaneiro de 2021 e finalizará o 31 de marzo do 2022.

2.As actividades se realizarán, aos efectos de imputación dos gastos, entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do 2021, e terán que estar xustificadas un mes antes do vencemento do período de vixencia do convenio.

3.Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente no correspondente exercicio orzamentario.

**DECIMA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN**

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento das cláusulas do convenio.
- A aplicación dos fondos percibidos a fins distintos aos que deron lugar á súa concesión.
- A falta de xustificación das cantidades na forma establecida no convenio.

**UNDÉCIMA: NATUREZA XURÍDICA**

O presente convenio ten carácter administrativo quedando as partes suxeitas á xurisdición dos tribunais contencioso-administrativos para resolver os conflitos que puidesen xurdir na súa aplicación. En todo caso aplicarase de maneira supletoria a Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia núm. 42.655 de data 28 de decembro de 2020.

E en proba de conformidade, ambas as partes asinan o presente Convenio por cuadruplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA  
CORUÑA.**

**O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE CABANA DE  
BERGANTIÑOS.**

**Asdo.: D. Valentín González Formoso**

**Asdo.: D. José Muiño Domínguez**

**O SECRETARIO XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo. José Luis Almu Supervía**

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA A ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE (CABANA DE BERGANTIÑOS) E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE E A CULTURA MEGALÍTICA (2021)**

Na Coruña, a 16 de abril de 2021

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Doutra D. José Muiño Domínguez, Alcalde Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

**EXPOÑEN**

1º.- A Deputación provincial da Coruña realizou numerosas actuacións encamiñadas á protección, conservación, rehabilitación, musealización e posta en valor do Dolmen de Dombate. En primeiro lugar adquiriu os terreos onde se sitúa o Dolmen e as leiras lindoiras. A continuación, posibilitou a realización das correspondentes campañas de escavación e realizou os estudos e actuacións necesarias para a súa axeitada conservación e en especial das súas pinturas, de extraordinaria valor arqueolóxica. Asimismo construiu un edificio para a súa axeitada protección e outro para a musealización e recepción de visitantes, coa finalidade da súa revitalización dentro da teoría, activa e integral, do museo.

2.- O Concello de Cabana de Bergantiños leva cooperando coa Deputación provincial da Coruña na xestión cultural e turística do Dolmen, cun modelo de xestión do patrimonio no que os edificios e as actividades complementarias interactúan co espectador para facelo un actor activo, sensibilizando ao mesmo tempo sobre as posibilidades da cultura megalítica como reclamo turístico.

3.- O Concello de Cabana de Bergantiños quere intensificar a súa cooperación coa Deputación na xestión cultural e turística do Dolmen de Dombate.

4.- Coa finalidade de establecer as condicións de cooperación necesarias para a posta en valor deste conxunto megalítico, a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes

**CLÁUSULAS**

**PRIMEIRA: OBXECTO.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as relacións de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños por medio do cal a Deputación Provincial da Coruña encomenda ao Concello de Cabana de Bergantiños, OS SERVIZOS DE ATENCIÓN DE VISITANTES AO DOLMEN DE DOMBATE E ACTIVIDADES CULTURAIS COMPLEMENTARIAS DE POSTA EN VALOR DO DOLMEN DE DOMBATE NO ANO 2021.

**SEGUNDA: OBRIGAS DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS.**

A xestión do servizo de atención de visitantes implicará as seguintes obrigas por parte do Concello de Cabana de Bergantiños:

**Metodoloxía do servizo de atención a visitantes.**

**2.1. TAREFAS XERAIS**

- Facilitar a visita ao recinto patrimonial prestando os servizos de guía-monitor.
- Control do tránsito tanto no recinto como nos dous edificios priorizando sobre todo a protección do monumento Visitas guiadas cada 30 minutos (complementadas co visionado dun documental no centro de recepción e a visita á exposición).
- Coordinarse co persoal de seguridade para formar grupos nas visitas guiadas.
- Controlar a utilización de cámaras ou equipos audiovisuais sen flash.
- Responder e aclarar as preguntas e dúbidas dos visitantes.
- Facilitar información turística e cultural (ao comezo e fin de cada visita guiada).
- Atender coa maior consideración e amabilidade aos visitantes.
- Elaboración dunha estatística de visitas do centro cun libro de control.

**2.2. OUTRAS TAREFAS ESPECIFICAS**

**2.2.1.** Conservación e mantemento: o Concello de Cabana de Bergantiños deberá manter en perfectas condicións de conservación, tanto o inmovible coma os bens incluídos no mesmo, non podendo realizar obras no inmovible ou alterar as instalacións do mesmo.

**2.2.2.** Dinamizar o centro arqueolóxico dentro das actividades do propio museo.

**2.2.3.** Fomentar o estudo e a investigación en colaboración coas agrupacións culturais da zona.

**2.2.4.** A elaboración e difusión de métodos didácticos e informativos especialmente relacionados coa cultura da zona.

**2.2.5.** Promover actividades culturais: conferencias, gastronomía da zona, protección do patrimonio etc en relación con colectivos culturais e educativos da zona.

**2.2.6.** Establecemento de relacións e contactos con outros centros e museos.

**2.2.7.** Respetar e coñecer os criterios de acceso e uso do centro de recepción e pavillón do Dolmen de Dombate.

**2.2.8.** O Concello de Cabana de Bergantiños asume a obrigación de facer constar a cooperación da Excm. Deputación Provincial de A Coruña en todos os soportes que se empreguen para a difusión e divulgación da actividade obxecto do presente convenio.

**2.3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS A REALIZAR:**

**2.3.1. CAMPAÑA DE VISITAS ESCOLARES E OBRADOIROS DE PREHISTORIA**

- Ofrecer os venres de xaneiro, febreiro, outubro, novembro, decembro para as visitas escolares. Ademais, os meses de marzo, abril, maio e xuño tamén haberá **obradoiros de prehistoria gratuítos** para escolares os **martes, mércores, xoves e venres**.

- Os obradoiros realízanse nun espazo adaptado que funciona como "aula de talleres" no Local Social de Borneiro, a 500 m. do Centro Arqueolóxico. A visita guiada será en Dombate adaptada ás idades do alumnado, con visionado de documentais e lectura de textos literarios.

- Contacto con todos os centros de ensino da provincia e coordinación coa sección de Turismo Escolar da Deputación da Coruña.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: GALIPAT S. L., Servizo de Atención ós Visitantes.

### 2.3.2. XORNADAS, CHARLAS, PRESENTACIÓNS, VISITAS ESPECIAIS

- Convidar a científico@s, arqueólogo@s, escritor@as... para que acheguen a Dombate todo tipo de público e intereses aproveitando a zona de audiovisuais do centro.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Profesores/as, investigadores/as e persoeiros da vida cultural e científica.

### 2.3.3. CELEBRACIÓN DA PRIMAVERA EN DOMBATE

- Actividade que xunta música, teatro, xogos populares... para celebrar a chegada da primavera a Dombate, o inicio dun ciclo que rematará o 21 de xuño co solsticio de verán.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: La Voz de Galicia, Departamento de Cultura e Deportes do concello de Cabana de Bergantiños.

### 2.3.4. ARQUEOCICLISMO. RUTA CICLOTURÍSTICA

- Percorrido ciclo turístico polo chan de Borneiro con paradas en lugares de interese turístico. Saída e chegada desde o Centro Arqueolóxico Dolmen de Dombate. Trala ruta haberá agasallos para os participantes, sorteos, entrega de premios...

- Toda a actividade contará con seguro de accidentes, ambulancia, protección civil.

- Obxectivo: organizar eventos deportivos e de turismo activo que leven por nome o Dolmen de Dombate e acheguen ó mesmo todo tipo de público.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: La Voz de Galicia, Departamento de Cultura e Deportes do concello de Cabana de Bergantiños.

### 2.3.5. VISITAS TEATRALIZADAS

- Representación teatral adaptada ó xacemento e aos visitantes. Para que non coincida coas visitas dramatizadas do Castelo de Vimianzo e Torres do Allo lévanse a cabo en dúas sesións (18.00e 19.30) nos sábados de xullo e agosto. Visitas especiais abertas a veciños e visitantes para que coñezan Dombate desde outro punto de vista.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Os Quinquilláns, Servizo de Atención ós Visitantes

### 2.3.5. VERÁN EN DOMBATE

- Actividades de música, teatro, monicreques, contacontos, xogos populares... para celebrar a chegada do verán a Dombate.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, músicos, contacontos, animación sociocultural...

### 2.3.6. RUTA E NOITE DAS ESTRELAS.

- Actividade xa habitual no verán cabanés e de grande poder de convocatoria. Ruta circular con inicio e fin no aparcadoiro de Dombate e que sube ó monte de Borneiro para contemplar a "chuvia de Perseidas" na noite de San Lourenzo.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, físico Jorge Mira.

### 2.3.6. MASTER CLASS MUSICAL EN DOMBATE

- Clase maxistral e concerto de música clásica ou tradicional que se leva a cabo na zona verde do Centro Arqueolóxico, cando o tempo o permite, ou no centro de recepción de visitantes se non é posible no exterior.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: grupos e intérpretes galegos ou de fóra de Galicia.

### 2.3.7. OUTONO EN DOMBATE

-Actividades de música, teatro, monicreques, contacontos, xogos populares... para celebrar a chegada do outono a Dombate.

-EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Servizo de Atención ós Visitantes, músicos, contacontos, animación sociocultural...

### 2.3.8. VIII CARREIRA POPULAR DOLMEN DE DOMBATE

- Carreira popular polo chan de Borneiro que consta de distintas probas e categorías, enmárcase dentro do Circuito de Carreiras Populares da Deputación Provincial da Coruña (en anteriores convocatorias arredor de 800 participantes).

- Toda a actividade contará con seguro de accidentes, ambulancia, protección civil, empresa cronometraxe, servizo fisioterapia, avituallamento, carpa no aparcadoiro, agasallo de camiseta conmemorativa, servizo de xuíces, etc.

- Obxectivo: organizar eventos deportivos e de turismo activo que leven por nome o Dolmen de Dombate e acheguen ó mesmo todo tipo de público.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: Federación Galega de Atletismo, Championship Norte, Departamento de Cultura e Deportes do concello de Cabana de Bergantiños.

### 2.3.9. CAMPAÑAS DE DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

- Campaña de difusión na prensa escrita, radio, redes sociais... para que o maior número de xente posible estea informada das actividades de Dombate cun diálogo constante con todos os interesados.

- Tamén se seguirá colaborando cos xornais de maior tirada na provincia e máis lidos na contorna concertando publicacións en datas sinaladas.

- EMPRESAS OU ENTIDADES ENCARGADAS: La Voz de Galicia.

### TERCEIRA: ATENCIÓN DO PERSONAL E HORARIO

O Servizo de Atención a Visitantes e demais actividades deberán prestarse por profesional cualificado, ben con persoal propio do concello ou ben cos correspondentes contratos que realice ó amparo do establecido da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014. En ningún caso o persoal que adscriba o concello ao obxecto do contrato baixo calquera modalidade laboral ou administrativa suporá creación de relación laboral algunha coa Excm. Deputación Provincial da Coruña.

O horario de atención ao público será como mínimo:

**TEMPADA BAIXA (1 xaneiro-28 febreiro)/(17 setembro-26 decembro):**

Centrar a atención a visitantes nas fins de semana e ofrecer os venres para que os centros educativos poidan participar das visitas guiadas. En tempada baixa, a xornada será de 6 horas tendo en conta o horario escolar e o cambio de horario no outono e inverno:

**De venres a domingo (10.30 h. a 14.00 h.// 16.00 h. a 18.30 h.)**

### TEMPADA EXCURSIÓNS DE PRIMAVERA (5 marzo-30 xuño):

Debido á maior concentración de excursións escolares e á campaña de obradoiros de prehistoria na primavera, ampliamos os días de visitas semanais a martes, mércores, xoves e venres. As fins de semana (sábado e domingo) comeza o horario de verán ampliando as horas de visita guiada (7 horas/ día):

**De martes a venres: (10.00 h. a 14.00 h.)**

**Fins de semana: (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)**

**Nota:** : En Semana Santa (do 27 de marzo ao 4 de abril), haberá servizo de visitas todos os días: (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)

### TEMPADA ALTA (1 de xullo-15 de setembro):

**De luns a domingo (11.00 h. a 14.00 h.//16.00 h. a 20.00 h.)**

**Nota:** Debido á baixada de visitantes a partir do 15 de setembro decídese reducir o horario e comezar coa tempada baixa.

### VISITAS GUIADAS NOCTURNAS:

• Aproveitando o edificio do pavillón de Dombate, con iluminación interior graduable para poder crear distintos ambientes e boa acústica para música de fondo, continúaase coas visitas nocturnas como actividade especial nas noites de verán.

• Para as visitas é preciso inscrición previa e teñen 1 hora de duración (de 23.00 a 24.00 horas). Ofrécese unha visita cada 15 días cun aforamento limitado de 30 persoas.

**XULLO: días 9 e 23 // AGOSTO: días 6 e 20**

Para os visitantes en xeral e excursións organizadas porase a disposición do público **un teléfono de atención a visitantes de luns a venres** en horario de **09.00 a 14.00** horas: **981 75 40 20** e un teléfono móbil con acceso a internet **672435736** en horario de visitas guiadas.

Tamén se poderá reservar cita por correo electrónico no e-mail: **cultura.concello@gmail.com**

### CUARTA.- OBRIGAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación Provincial da Coruña abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a cantidade de 60.000,00 euros en concepto de prestación dos servizos de atención de visitantes ao dolmen de Dombate e actividades complementarias durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro do 2021 e o 31 de decembro de 2021, con cargo á aplicación orzamentaria 0112/3362/22609.

### QUINTA.- DISPOSICION COMUN:

O Concello de Cabana de Bergantiños fará constar en todas as actividades, programas, folletos e carteis, etc., o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

### SEXTA.- FORMA DE PAGO

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente da seguinte maneira con arranxo á seguinte desagregación:

MES	VISITAS GUIADAS TURISTAS	VISITAS ESCOLARES E NOCTURNAS	CAMPAÑA PRENSA	ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: Música, conferencias, obradoiros, divulgación, rutas, deporte...
XAN	(66 h) 1.172,16 €	(30 h) 532,80 €	1.000 €	<b>10.890 €</b> Obradoiros de prehistoria (escolares) (30 sesións - de abril a xuño) <b>3.500 €</b> Visitas teatralizadas <b>4.800 €</b> Xornadas, charlas, presentación, visitas especiais. <b>800 €</b> Arqueociclismo <b>1.200 €</b> Celebración da Primavera en Dombate <b>500 €</b> Ruta e noite das estrelas <b>1.700 €</b> Máster class musical <b>1.200 €</b> Celebración do Verán en Dombate <b>2.930,64 €</b> Carreira Popular Dolmen de Dombate <b>1.200 €</b> Celebración do Outono en Dombate
FEB	(48 h) 852,48 €	(24 h) 426,24 €		
MAR	(77 h) 1.367,52 €	(52 h) 923,52 €		
ABR	(70 h) 1.243,20 €	(64 h) 1.136,64 €	1.000 €	
MAI	(77 h) 1.367,52 €	(64 h) 1.136,64 €		
XUÑ	(56 h) 994,56 €	(72 h) 1.278,72 €		
XUL	(217h) 3.853,92 €	(2 h) 35,52 €	1.000 €	
AGO	(217h) 3.853,92 €	(2 h) 35,52 €		
SET	(129 h) 2.291,04 €	(12 h) 213,12 €		
OUT	(66 h) 1.172,16 €	(30 h) 532,80 €	1.000 €	
NOV	(54 h) 959,04 €	(24 h) 426,24 €		
DEC	(60 h) 1.065,60 €	(24 h) 426,24 €		
	<b>20.175,36 €</b>	<b>7.104,00 €</b>	<b>4.000 €</b>	<b>28.720,64 €</b>
<b>TOTAL</b>	<b>60.000 €</b>			

A Deputación Provincial abonará ao Concello de Cabana de Bergantiños a achega correspondente a cada anualidade da seguinte maneira:

Deberá xustificar os gastos trimestralmente. En consecuencia non se efectuará ningún pago por anticipado. Requirirán a presentación de certificación de gastos e ingresos durante o devandito trimestre, expedida polo Secretario co visto e prace do Alcalde-Presidente do Concello de Cabana de Bergantiños.

Acompañarase ademais memoria onde se indicarán as actividades realizadas, persoal adscrito aos servizos e informe estatístico de visitantes.